



O PATIO QUE SOÑAMOS

CEIP ESCULTOR ACUÑA (VIGO)

*PROXECTO
DOCUMENTAL
INTEGRADO
XANEIRO A
XUÑO 2021*



ÍNDICE DO NOSO PROXECTO

| | APARTADO DO PROXECTO | PÁXINA |
|----|--|---------------|
| 1. | <u>INTRODUCCIÓN</u> | 1 |
| 2. | <u>CONTEXTO EDUCATIVO</u> | 1 |
| 3. | <u>OBXECTO E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN</u> | 3 |
| 4. | <u>DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.</u> a. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO b. TAREFAS MAIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO c. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS | 5 |
| | <u>PRIMEIRO TRIMESTRE</u> | 5 |
| | <u>SEGUNDO TRIMESTRE</u> | 9 |
| | <u>TERCEIRO TRIMESTRE</u> | 11 |
| 5. | <u>IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA</u> | 12 |
| 6. | <u>AVALIACIÓN REALIZADA E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS</u> | 14 |
| 7. | <u>FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR</u> | 15 |

1. INTRODUCCIÓN

Curso 20-21

Cada proxecto xurde inevitablemente dunha pregunta, e neste caso a realidade nos interpela dun modo creativo.... Cando ardeu Vigo falamos dos lumes, cando parecía que viñan as olimpíadas de deportes,... De que imos falar en pandemia? Mesmo semella que cambiou o mundo, cunha chea de avances e as novas necesidades que a situación social deixou ao descuberto. Demos un empurrón enorme aos medios técnicos, á presenza dixital, ao espírito de equipo... Espimos as actividades para quedar no cerne, no esencial... e confirmamos que a educación emocional sustenta a meirande parte das aprendizaxes nas nosas etapas educativas, porque o impacto deste curso demostra que progresa o alumnado que emocionalmente se sentiu seguro e protexido.

Así que esta vez non tocaba investigar: decidimos optar por un proxecto onde a creatividade, o acompañamento e a presenza, hoxe máis que nunca, sustenten o traballo da escola.

Decidimos responsablemente soñar. E nun centro de infantil e primaria *soñar significa xogar*. Así que tras un durísimo confinamento para a infancia tocaba recompensar xogando e nada mellor que os patios escolares para materializar os soños e mostrar aos cativos e cativas que os maiores piden (pedimos), pero tamén sabemos escoitar e respostar.

2. CONTEXTO EDUCATIVO

O CEIP Escultor Acuña é un centro urbano sito en Vigo. O contexto **socio-familiar** é dun nivel económico medio-baixo. Somos centro de escolarización preferente de **alumnado** hipoacúsico. Estamos considerados como un dos poucos centros urbanos galegos de “difícil desempeño” por recibir unha enorme ratio de alumnado con diferentes NEAE. De entre os preto de 400 alumnos/as un 13 % ten consideración de NEAE ou ben por hipoacusia, TEA, TDAH, diferentes enfermidades raras ou por condicións de historia social entre as causas mais frecuentes. Esta realidade xunto coa enorme ratio das aulas conforma o modo de ser e facer que caracteriza ao noso centro. Calquera das nosas actuacións está presidida polos criterios de inclusión e pola aposta polas relación positivas tanto entre adultos como co alumnado.

Froito dunha das últimas avaliacións de equipo estas son as **características que definen ao centro:**

- **Equilibrio tradición/innovación:** as características do noso alumnado nos obrigan a estar permanentemente á procura de novos camiños.. Somos fundamentalmente diversos. Así abrimos a cada paso canles de integración, pero sempre con coidado porque somos conscientes de que

neste entorno cada toma de decisión inadecuada pode ter graves consecuencias nas posibilidades educativas do noso alumnado.

- **Inclusión sempre:** non pode quedar ninguén atrás. Así que pelexamos para aprender Lingua de Signos (LSE) e facer o que sexa por facernos entender, ou adaptamos as clases para que todos e todas teñan cabida, ou traballamos en grupos cooperativos nas aulas, aprendemos DUA...
- **Aprendizaxe funcional:** o desenvolvemento de competencias e as aprendizaxes orientadas á adquisición da autonomía priman sempre fronte aos contidos. O traballo por proxectos como medio para desenvolver competencias clave e a aprendizaxe significativa son condición obrigada do estilo metodolóxico.
- **Consenso:** o criterio de inclusión chega tamén aos adultos, tentando que as decisións que tomamos en equipo partan dunha cultura de diálogo.
- **Traballo:** O ritmo de cada curso é imparabile porque así o piden as constantes adaptacións, unha realidade socio-económica entre as familias que obriga a facer da educación unha ferramenta firme de compensación de desigualdades, as ratios enormes e a nosa aposta por coidar e coidarnos emocionalmente.
- **Vocación:** o que significa que a este Claustro non se chega cando xa estás de volta...
- **Servizo público:** consciente da responsabilidade de mellorar constantemente o propio servizo público que a sociedade demanda e merece.

Temos que falar tamén de **fraquezas**, e aí detectamos tamén varias:

- Temos que incorporar só o que está testado e sabemos que funciona. Os nosos ritmos de avance tecnolóxico non poden ser os mesmos do resto da sociedade. Debemos ensinar e aprender dende a intención de minimizar os erros e marcar pautas seguras de progreso, porque para o noso alumnado é fundamental evitar bloqueos e erros dos que os nosos rapaces non poderán recuperarse de forma autónoma. Só podemos camiñar sobre seguro.
- É moi complicado neste contexto visibilizar na rede o que facemos porque a nosa prioridade está nunha realidade educativa extremadamente demandante, centrada nas necesidades do día a día e nos pequenos avances, que para o alumnado deste centro significan conquistas. E..." quen moito abarca pouco apreta". Educamos nun mundo hiperconectado coa presenza en redes baseada na utilidade, pero priorizando a cultura do ser fronte á cultura da imaxe.
- Falta de espazos comúns e fraquezas de infraestrutura.
- **As necesidades educativas, sexan especiais ou non, obrígnanos agora a ter que abordar tamén a reforma dos patios escolares, non só a nivel material (cubricións, valados) senón tamén a nivel de inclusión (patios activos).**

3. OBXECTO DA INVESTIGACIÓN

Este non foi para nós un PDI ao uso. Desviamos esta vez o foco do proxecto dos libros e os documentos para centrarnos no autoexame das nosas vivencias recentes, das necesidades colectivas e da nosa saúde emocional. Aplicamos de novo a metodoloxía e proxectos, pero tivemos que ser creativos/as nos procedementos e nos contidos a desenvolver para non sobrecargar a unha comunidade escolar ávida de contacto, pero resentida da distancia e do abuso tecnolóxico.

Dentro deste contexto escolar e unido ao coñecido contexto social deste curso plantexamos o tema obxecto deste PDI, “**O PATIO QUE SOÑAMOS**”, co seguinte esquema de traballo:

a. INFORMACIÓN

Primeira fase na que exploramos os nosos patios e os de outros centros que acometeron reformas, buscando ideas, inspiración e confronto para a nosa realidade escolar.

b. DEBATE

Segundo momento no que en grupos burbulla propuxemos, escollemos e expuxemos cales son as nosas propias propostas, acordando e plasmando inquiredanzas de grupo.

c. CONCLUSIÓN

Terceiro momento no que aprendemos canles de participación e representación democrática, coa constitución e funcionamento da Comisión de Patios, unha sorte de “mini-Consello escolar” que estudiou e valorou todas as propostas, trasladando as súas conclusións aos órganos de decisión escolar: Consello Escolar, Equipo Directivo, Claustro e ANPA.

d. IMPLEMENTACIÓN

A cuarta fase do PDI está en marcha neste momento: tras dar traslado ás conclusións aos diferentes axentes da Comunidade Escolar toca agora plasmar nos patios as reformas a implementar, nun traballo conxunto esta vez de adultos.

Os OBXECTIVOS EDUCATIVOS entón deste PDI serían:

- Analizar criticamente o noso entorno escolar, poñendo en valor os seus puntos fortes e aportando ideas para a mellora colectiva.
- Tomar conciencia de que cada persoa ten capacidade para mellorar o seu entorno por pequenas que sexan as aportacións individuais.
- Aprender xeitos de organización colectiva, xa sexan estes de pequeno, gran grupo ou ámbito escolar, mostrando que os órganos de participación democrática son eficaces cando están ao servizo da colectividade.
- Empregar na práctica as competencias e os coñecementos que se adquiren na escola de cara a analizar, propoñer, acordar e conseguir un produto final común.
- Reparar emocionalmente a nosa realidade escolar, centrando esta vez o noso proxecto colectivo nas nosas necesidades de xogar, reencontrarnos e poñer en valor o noso entorno seguro de convivencia.

4. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

- d. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO**
- e. TAREFAS MAIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO**
- f. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS**

1º trimestre do curso

0. ANÁLISE DO CONTEXTO E DESEÑO DO PDI

Previo ao proceso de implementación nas aulas e durante o primeiro trimestre do curso o profesorado abordou unha fase de elaboración da proposta.

Partimos da situación de volta á dinámica escolar nun novo contexto e da necesidade de analizar as condicións de regreso do noso alumnado. A posta en marcha das medidas sanitarias, especialmente a de distancia, implicou separación física, a reestruturación de tempos e espazos de xogos, o cambio de hábitos e a ruptura de grupos naturais de amizades. Todo isto foi especialmente duro para o alumnado con problemas de linguaxe oral, xa que a estas dificultades engadimos a imposibilidade de ler os beizos polo uso das máscaras e os conseguintes malentendidos que isto orixinou no uso da linguaxe de signos que non todo o mundo domina na escola.

Aínda que a temática xa fora proposta na PXA outras urxencias e esta necesidade de análise da “nova realidade” nos decidiron a non comezar o proceso co alumnado ata o segundo trimestre. Centrámolos logo os primeiros meses do curso a definir as competencias a desenvolver, o plan de traballo nas aulas e os posibles produtos finais.

Centrámolos tamén neste trimestre na elaboración, consenso e posta en marcha dunha secuencia de contidos TAC que sustentase o traballo da competencia dixital para este e os seguintes PDIs, de modo que os próximos trimestres servisen de proba para a avaliación de dita proposta.

COMPETENCIAS

Nomeamos so as relativas ás tarefas comúns propostas dende o Equipo de Biblio-TAC para cada competencia, sabendo que dentro de cada aula o profesorado ampliou o desenvolvemento da temática proposta incorporando o PDI á programación das diferentes áreas. O peso do proxecto recaeu nas áreas de plástica, lingua galega e matemáticas, aínda que o desenvolvemento do proxecto implicou posteriormente outras tarefas que foron xurdindo dentro de cada grupo/clase. Limitarémonos a detallar nestas liñas as que corresponden á propia coordinación da Biblioteca Escolar como tarefas desenvoltas por toda a escola.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- A exposición oral: preparación, dicción, control postural,...
- O debate: quendas, escoita activa, elaboración de conclusións
- A instancia: intención, partes, elaboración, destinatarios
- Elaboración de textos expositivos e argumentativos

COMPETENCIA DIXITAL

- Secuencia de contidos TAC da escola: proposta de traballo revisable para todos os niveis educativos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Medidas
- Elaboración de mapas: escalas, planos, maquetas
- Procesos de planificación
- Sustentabilidade e ecoloxía

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

- Fases do traballo por proxectos e da elaboración de coñecemento
- Aplicación na realidade dos coñecementos adquiridos

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Órganos e mecanismos de participación democrática e representación
- Aprendizaxe cooperativa
- Aprendizaxe ao servizo da Comunidade

SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Participación crítica e creativa
- Organización de equipos e ideas

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- O xogo como símbolo da expresión infantil
- Deseño de maquetas e vídeos para plasmar as ideas propias e colectivas

Froito desta primeira proposta de traballo competencial plantéxase para todo o claustro o planning da páxina seguinte coas tarefas a desenvolver nas aulas nos segundo e terceiro trimestres:

| DIAS | XANEIRO | FEBREIRO | MARZO | ABRIL | MAIO | XUÑO | CURSO |
|----------------|---------|----------|-------------|--------------|----------------|------|----------------------|
| luns | 4 | 1 | 1 | 5 | 3 | 7 | |
| martes | 5 | 2 | 2 | 6 | 4 | 8 | Motivación: |
| mércores | 6 | 3 | 3 | 7 | 5 | 9 | de Biblioteca |
| xoves | 7 | 4 | 4 | 8 | 6 | 10 | |
| venres | 8 | 5 | 5 | 9 | 7 | 11 | Traballo de |
| sab/dom | | | | vídeos | | | Achega de ideas |
| luns | 11 | 8 | 8 | 12 | 10 | 14 | final por cada |
| martes | 12 | 9 | 9 | 13 | 11 | 15 | |
| mércores | 13 | 10 | 10 (5º, 6º) | 14 | 12 | 16 | O alumnado de 6º |
| xoves | 14 | 11 | 11 | 15 | 13 | 17 | pequenos e o de |
| venres | 15 | 12 | 12 | 16 | 14 | 18 | como base para |
| sab/dom | | | | | | | |
| luns | 18 | 15 | 15 | 19 | 17 | 21 | Comisión de |
| martes | 19 | 16 | 16 | 20 | 18 | 22 | representantes do |
| mércores | 20 | 17 | 17 | 21 | 19 | 23 | familias |
| xoves | 21 | 18 | 18 | 22 | 20 | 24 | |
| venres | 22 | 19 | 19 | 23 | 21 | 25 | Día 23 abril: |
| sab/dom | | | | de maquetas, | | | e presentación en |
| luns | 25 | 22 | 22 | 26 | 24 | 28 | titorías a todo o |
| martes | 26 | 23 | 23 | 27 | 25 | 29 | |
| mércores | 27 | 24 | 24 | 28 | 26 | 30 | Comisión de |
| xoves | 28 | 25 | 25 | 29 | 27 | | representantes do |
| venres | 29 | 26 | 26 | 30 | 28 | | familias |
| sab/dom | | | | | proyecto final | | |
| luns | | | 29 | | 31 | | Día 28 maio: |
| martes | | | 30 | | 1 | | de patios |
| mércores | | | 31 | | 2 | | |
| xoves | | | 1 | | 3 | | |
| venres | | | 2 | | 4 | | |

1. INFORMACIÓN

Para o profesorado fixemos unha xornada de formación en xaneiro coa presentación do proxecto, aportando unha selección de vídeos e bibliografía:

VÍDEOS

<https://youtu.be/3ctw-gn-uSo>

DOCUMENTOS

<https://www.crecerconvivenciaenbacarot.es/patios-activos-e-inclusivos/>

<https://www.atencionselectiva.com/2017/11/patios-dinamicos-un-nuevo-modelo-de.html>

<https://www.unir.net/educacion/revista/recreos-inclusivos-un-patio-repleto-de-valores/>

http://cpisanjorge.catedu.es/?page_id=276

<https://rejuega.com/juego-aprendizaje/juego-educativo/ideas-para-crear-patios-de-escuelas-que-inviten-a-jugar-libremente-y-aprender/>

<https://rejuega.com/juego-aprendizaje/juego-educativo/como-convertir-un-patio-gris-en-un-patio-con-color-juego-y-aprendizaje/>

Esta documentación nos serviu para realizar co alumnado voluntario de Biblio-Tac uns vídeos motivacionais. Estes últimos, no blog, serviron para a presentación do traballo nas aulas.

<https://escultoresdelinguas.gal/pdi/>

Pasamos inmediatamente ao traballo nas aulas. Definimos entón tres preguntas que en cada aula se responderon con estratexias de aprendizaxe cooperativo:

QUE É O QUE MÁIS ME GUSTA DO NOSO PATIO?

QUE É O QUE MENOS ME GUSTA?

QUE NOS GUSTARÍA QUE HOUBESE NO PATIO QUE SOÑAMOS?



2. DEBATE

Abordamos así de cheo a fase 2, de debate, nas que non so aportamos ideas, se non que tivemos que razoar colectivamente sobre a idoneidade e viabilidade das nosas propostas, así como a localización na realidade dos diferentes elementos. Isto concretase na elaboración por aulas de planos e maquetas que representan “o patio que soñamos”. Para isto entramos de cheo nas matemáticas, aplicando procedementos de medición, contabilidade, representación espacial... Traballamos tamén plasticamente: velaí unha escolma das diferentes propostas de maquetas e planos que expuxemos co gallo do Día do Libro.



Cada aula completou este traballo coa elaboración dun vídeo no que xustificaban as súas conclusións:

- que querían,
- onde,
- por que e
- para que

Estes enlaces mostran dúas propostas, unha para o patio de pequenos e outra para o de maiores.

<https://youtu.be/mH-DH92PcY4>

https://youtu.be/VOs5Qvuq_i0

3. CONCLUSIÓN

Os órganos de participación democrática están para organizar os procesos colectivos. Neste caso eliximos representantes de alumnado, profesorado e familias que na que denominamos “Comisión de Patios”. Estiveron representados todos os niveis educativos, dende EI ata os últimos cursos de Primaria. En varias xuntanzas o traballo desta comisión consistiu en:

- clasificar con detemento todos os elementos que estaban nas maquetas e ver xuntos cada un dos vídeos explicativos das mesmas. Na clasificación agrupamos os elementos propostos segundo o tipo de xogo ou os elementos que aportaban ao patio. Deste modo no patio de pequenos tiñamos:
Xogo simbólico, movemento e calma, con xoguetes e creativos. Para o patio de maiores creamos as seguintes categorías: estruturas fixas, deportes, ecolóxico, con material, creativos e pintados.
- valoralos individualmente conforme aos criterios de
 - sustentabilidade: primar a ecoloxía e a integración no medio
 - viabilidade económica: asumible para a nosa comunidade
 - seguridade
 - inclusión: que todos e todas poidamos participar, xogar, gozar das propostas escollidas
- acordar despois das valoracións individuais cales serían as dez propostas comúns mellor puntuadas incluíndo aquí o criterio de frecuencia de de cada elemento nas maquetas e planos.

Para facer a valoración empregamos o sistema de rúbricas, dando 3 puntos como máximo segundo cada criterio. Aquí queda un exemplo da rúbrica empregada:

Valoración de cada elemento aportado de 1 a 3, onde 1 é pouco e 3 é moito.

| | INCLUSIVO/ EDUCATIVO Para aprender todos/as | SOSTIBLE Respectuos o coa natureza | SEGURO Non nos faremos dano | ECONÓMICO Fácil e barato |
|---|---|---|--------------------------------------|--------------------------------|
| X O G O S I M B Ó L I C O | DISFRACES | | | |
| | CASA NA ÁRBORE | | | |
| | COCINITA | | | |
| | LABIRINTO | | | |
| | COVA NA HERBA | | | |
| | COCHE CON RODAS | | | |

Un pequenísimo resumo do traballo está neste enlace:

<https://escultoresdelinguas.gal/o-patio-que-sonamos/>

Cos acordos acadados a Comisión elaborou un escrito dirixido aos órganos de representación da escola, na que lles comunicou os desexos do alumnado e solicitou a implicación para levalos a término. A carta traballouse nos cursos de 4º, 5º e 6º como modelo de instancia/solicitud. Recibiron este escrito de mans do alumnado o Consello Escolar, o Equipo Directivo, A ANPA e o Claustro de profesorado.

5. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o profesorado e as aulas do centro (19) participaron do PDI. O proceso e sobre todo as conclusións difundíronse entre a comunidade educativa:

- Para o alumnado: os alumnos/as da Comisión de patios pasaron polas aulas informado semanalmente de cada paso e especialmente das conclusións



- Para Consello Escolar e Claustro: o profesorado da Comisión fixo constar as conclusións nas reunións pertinentes.
- Para as familias: no blog da BE publicáronse as conclusións e solicitouse a colaboración da comunidade.

<https://escultoresdelinguas.gal/o-patio-que-sonamos-2/>

A partires deste momento (xuño de 2021) a realización dos traballos queda en mans da Comunidade que a partires de setembro irá dando conta das actuacións. En vista de que os elementos escollidos finalmente resultan bastante viables economicamente hai algunhas actuacións que xa se van acometer no verán, polo que pretendemos organizar as colaboracións ofrecidas para poder facer unha inauguración oficial dos novos patios o día 24 de Outubro co gallo do día internacional das Bibliotecas escolares. Estas son as reformas a acometer:

Patio de pequenos:

1. Xogos pintados no chan
2. Areeiro
3. Circuito troncos ou rodas
4. Disfraces e escenario
5. Rocódromo
6. Bibliopatio
7. Mesa de xogos
8. Toallas para sentar
9. Xices, encerados e mesas de pintar
10. Xogos de saltar

Patio de maiores:

1. Xogos de mesa
2. Xogos pintados no chan e murais
3. Bancos de descanso
4. Espazo para debuxar: encerado e cabaletes
5. Bibliopatio
6. Horto e xardín vertical
7. Labirinto
8. Caseta de materiais (carro de materiais que sae na hora do patio)

9. Xincana

10. Obradoiro de avións de papel

Aínda que o alumnado non recibiu resposta formal á misiva o Consello Escolar e a ANPA plantexaron xa orzamentos específicos para as reformas, e o Equipo Directivo asistiu a unha formación específica sobre Patios Activos impartida pola Cooperativa Miudiño. Algunhas das actuacións de reforma acometeranse xa nas vacacións de verán, como símbolo para o alumnado de que o seu traballo tivo froito e foi escoitado. Unha das liñas do PFPP do curso próximo está encamiñada a este tema, de modo que a reforma física das instalacións apoie os cambios metodolóxicos que se están a implementar no centro.

6 . AVALIACIÓN REALIZADA E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

A proposta de remate da tarefa común foi sinxela e concreta, polo que a avaliación colectiva se fixo entre o profesorado e en base ás conclusións e ao sentir recibido do alumnado. Dado que un dos obxectivos fundamentais do proxecto era de tipo emocional un dos procedementos de avaliación foi a observación e o contraste co alumnado. O Departamento de Orientación incluíu na enquisa de clima escolar realizada a finais de abril unha pregunta acerca da proposta, de modo que todo o alumnado tivo a oportunidade de expresar a súa satisfacción por ter a iniciativa de abordar e reflexionar colectivamente sobre o tema.

Tanto o grao de participación do profesorado como as numerosas aportacións recibidas no correo da biblioteca por parte das familias nos deron tamén a idea da avaliación positiva da proposta.

A nivel de pequeno grupo/aula o profesorado avaliou procedementos de traballo e adquisición de coñecementos nas áreas de galego, matemáticas e plástica (ver o apartado de competencias). Incluíuse tamén nos plans de equipo das clases que empregan a metodoloxía de traballo cooperativo (doce). A elaboración de vídeos nas aulas supuxo un reto para a competencia dixital: grazas ás novas tablets e á secuencia de contidos TAC todas as aulas empregaron a imaxe para facer unha posta en común virtual.

O reto avaliativo está en materializar todas ou a meirande parte das propostas o vindeiro curso: o traballo do alumnado está feito, pero agora toca liderar e poñer dacordo os esforzos dos adultos da Comunidade escolar.

7 . FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Somos centro PLAMBE dende o curso 2008/2009. A biblioteca é un dos motores que alimentan os nosos puntos fortes, que dota de recursos ás innovacións que se van propoñendo, que abre focos de aprendizaxe para alumnado e profesorado e que rexistra a nosa marcha común para poder avaliar e avaliarnos a cada pouco.

Os últimos tres anos, froito desa autoavaliación constante, abrimos dende a biblioteca varias liñas de traballo e renovación. Constatamos que ese ritmo de seguridade que pretendemos impregne todas as nosas actuacións estaba facéndonos perder o necesario dinamismo. Estabamos en ralentí, e era imperioso meter marcha para coller o tren dos tempos. Así que, demos unha pequena viraxe e recollendo o bo facer das bibliotecas escolares galegas, escollemos detidamente novas liñas de actuación. Tocaba implementar novos programas e incorporarlles a nosa visión de inclusión.

Concretamente para este proxecto foi decisiva unha mellora organizativa recentemente implementada na escola: a fusión coa comisión TAC (agora Biblio-TAC) coa conseguinte ampliación do equipo de biblioteca de seis a dez integrantes. Aproveitamos tamén as novas dotacións:

- Espazo Cri-cra-crea (Maker): construcións para as maquetas
- Xogos cooperativos que nos axudaron na toma conxunta de decisións
- Impresora 3-D: coa que se construíron algúns elementos das maquetas
- Radio escolar: que serviu de base a algunhas clases para ensaiar a exposición oral dos vídeos explicativos.

Ademais de liderar o proxecto, no blog da biblioteca difundimos as propostas e organizamos á Comunidade educativa.

O discorrer deste difícil curso so nos fixo ser máis teimudos/as e afianzou a necesidade de liderar proxectos, e de amosar ao noso alumnado camiños para que no futuro sexan quen de dar respostas sociais de mellora colectiva, sexa cal sexa a dificultade que se lles presente. Propor rácticas/modelos de colaboración escolar, sobre todo no difícil camiño da inclusión.

Vigo, Xullo de 2021